

*A FEAGA celebra en Madrid o Día do Autónomo de Galicia*

# Para galegos no exterior

MÓNICA G. BELLVER  
*Madrid*

**L**ogo de ter organizado galas por toda a comunidade, a última o ano pasado en Ourense, a Federación de Autónomos de Galicia acordaba celebrar a I edición da gala do Día do Autónomo de Galicia no Exterior “co fin de homenaxear aos traballadores/as autónomos así como pequenos empresarios de orixe galega que tiveron que abandonar a nosa terra”.

Para levar a cabo a actividade, en colaboración con diferentes asociacións de empresarios galegos existentes fóra das fronteiras galegas e organismos oficiais, a federación de autónomos elixía como escenario o Teatro Auditorio Cidade de Alcobendas, no que o pasado 9 de marzo se daban cita preto de cincuenta empresarios galegos, a maioría residentes en Madrid, para recibir as distincións: Autónomos de Honra, Autónomos do Ano e Mencións Especiais.

Tal como explican dende FEAGA, a distinción de Honra é un galardón “outorgado a aquelas persoas que, despois de comezar como autónomos, chegaron ás máis altas cotas na súa actividade, significándose pola súa simpatía e apoio ao colectivo”. O galardón de Autónomos do Ano entégase a aqueles que “desenvolveron a súa actividade durante o ano respectivo, sobresaíndo no exercicio desta polas súas condicións de humanidade, bondade, colaboración e simpatía, destacando dentro de cada sector do colectivo”. E por último, a Mención Especial, é un galardón que se entrega “a entidades, institucións e persoas que sen ser necesariamente autónomas merecen un recoñecemento público polo seu bo facer e colaboración co labor dos autónomos e da sociedade”.

Conducidos polo locutor Juan Manuel Madrigal e co acompañamento musical do grupo Amizades da Coruña, os premiados presentes do auditorio madrileño, foron recibindo os seus galardóns.

Os primeiros serían os

FOTOS: CARLOS G. HERVELLA



Autónomos do Ano. Un total de 9 empresarios de diferentes partes de Galicia entre os que estaban a cantante Luz Casal e a deseñadora barquense Marisu Miranda, que desenvolve o seu traballo empresarial en Florida e que recién chegada de Santo Domingo onde participou nun importante desfile de moda, percorreu miles de quilómetros para recoller o premio e agradecer o feito de ter pensado nela.

O galardón de Autónomos de Honra foille entregado a 25 empresarios residentes en Madrid, a maioría vinculados á hostalaría, pero tamén a outros sectores. De tódolos premiados, seis son da provincia de Ourense entre os que se atopaban Luis Yáñez Abelaira empresario da construción natural de P. de Trives e Manuel Lameiro Alonso, hostaleiro natural de A Veiga.

Os últimos premios entregados foron as Mencións de Honra a 11 institucións e persoas, entre elas Alberto Cortez e Expourense personalizada no seu director xeral Alejandro Rubín.

O acto contou coa presenza de toda a directiva da Federación de Autónomos de Galicia, co subdirector de Retorno e Inmigración da Xunta Alfonso Aguarón e co director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Xunta Gonzalo Ordóñez, entre outras personalidades políticas.

Fotos de arriba a abaixo: o representante da Xunta entregando o premio a Marisu Miranda; Alejandro Rubín recollendo o premio de Expourense; o representante de Emigración entregando o premio a Manuel Lameiro; imaxe de tódolos autónomos premiados.

